



## II CONCURSO FOTOGRAFICO:

# “CIDADANÍA INCLUSIVA...”

*Pobreza e Exclusión Social en Galicia*

## BASES



EAPN<sup>1</sup> convoca o seu segundo concurso de fotografía dixital para participantes dos programas das entidades membro, participantes doutras entidades sociais e fotógrafos afeccionados. O presente proxecto xurde arredor do día 17 de outubro como Día Internacional de Loita contra a Pobreza e da inqueda de poder achegar a sociedade galega, especialmente aos seus representantes políticos, sempre dende unha perspectiva inclusiva e xeneradora de sinerxias, a realidade da pobreza e da exclusión social de Galicia.

Para obter máis información sobre o concurso lea a continuación as bases oficiais do mesmo:

## **BASES OFICIAIS DO SEGUNDO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA**

### **1ª. TEMA**

As fotografías presentadas deberán adecuarse ao tema e contidos do concurso. En concreto o tema será "*A Pobreza e Exclusión Social en Galicia*" onde se poderá reflectir aqueles aspectos que manifesten de calquera xeito a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade autónoma.

As fotografías remitidas deberán de conter un comentario realizado polos mesmos autores (sexan participantes das entidades sociais ou fotógrafos afeccionados). O comentario no poderá exceder de 100 palabras



## 2ª. PARTICIPANTES

No Concurso "A pobreza e a Exclusión Social en Galicia" poderán participar todas aquelas **persoas participantes** dos diferentes programas e recursos de entidades sociais pertencentes ou non a EAPN Galicia e **fotógrafos afeccionados** que o desexen.

Cada concursante poderá presentar ata dous fotografías en cor ou branco e negro, remitidas por formato dixital en extensión ".jpg" cunha calidade mínima que permita unha impresión en papel de 28 x 35 cm (recomendado 2 MP, nunca inferior a 1024x768)

Ditas fotografías presentadas a concurso deberán de ser inéditas e que teren participado nin resultando seleccionadas en ningún outro concurso realizado.

## 3ª. PRESENTACIÓN

Todas as fotografías deberán presentarse en cor ou branco e negro co formato e resolución indicada a

<b>EAPN Galicia</b>	
<b>E MAIL:</b>	<a href="mailto:formacion.eapngalicia@gmail.com">formacion.eapngalicia@gmail.com</a> <a href="mailto:info@eapn-galicia.com">info@eapn-galicia.com</a>

Na remisión por correo electrónico á dirección indicada das fotografías, deberá acompañarse en formato .doc o seguinte documento (**Ver Anexo I**)

---

<sup>1</sup> [www.eapn\\_galicia.com](http://www.eapn_galicia.com) [www.eapn.es](http://www.eapn.es)



## DOCUMENTO 1

- Folla identificativa por cada fotografía onde constarán os seguintes datos: Nome completo do fotógrafo/a
  - Pseudónimo que desexa utilizar (no seu caso)
  - Identificación de colectivo (participante de entidade social, fotógrafo aficionado)
  - Título da fotografía
  - Descrición do significado da mesma (requisito indispensable para acceder ao concurso) remitido en formato .doc e que non poderá exceder de 100 palabras

Deste xeito só o comité organizador coñecerá a identidade dos concursantes ata que finalice o concurso co fallo definitivo do xurado.

### **4ª DEREITOS DE USO E DIFUSIÓN**

EAPN GALICIA resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e materiais de sensibilización da iniciativa, sempre facendo mención do autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

### **5ª. PRAZO DE ADMISIÓN**

A data límite para a aceptación dos traballos será o **15 de xullo** de 2011. O prazo de inicio comezará unha vez recibida esta convocatoria por mail.

### **6ª. COMITÉ DE ORGANIZACIÓN E XURADO**

O Comité de Organización e o xurado do II Concurso Fotografía Inclusiva :“ Pobreza e Exclusión social en Galicia” estará composto por:

- D. Santiago González Avión. Presidente de EAPN Galicia
- D. Carlos Rosón. Vicepresidente de EAPN Galicia. Comisario da Exposición.
- Dña. Lorena Añón. Secretaria do Grupo de Participación de EAPN Galicia.
- D. Xosé Cuns Traba. Director de EAPN Galicia.
- D. Antonio Porto. Gañador da I Exposición Prioridade 1.



D. José Trigo. Fotógrafo aficionado.  
Dña. María Caramés. Fotógrafa  
D. Guelen Dillo. Grupo de Participación EAPN Galicia  
Presidenta do Parlamento de Galicia ou pesoa delegada  
Valedor do pobo ou pesoa delegada

O seu fallo será inapelable e farase público antes do día 30 de xullo na web de EAPN Galicia ([www.eapn-galicia.com](http://www.eapn-galicia.com)).

### **7ª PREMIOS**

O xurado fará unha selección da mellor fotografía á que se lle otorgará o primeiro premio de 600 euros en material fotográfico á elección da persoa premiada. Excepcionalmente poderán concederse accesits en función da calidade dos traballos presentados.

Entre tódalas fotografías recibidas farase unha selección daquelas que reúnan unha calidade ou interese para formar parte da **II Exposición de Fotografía**. Poderán ser expostas tanto en formato papel coma en formato dixital.

Asimismo entre tódalas fotografías seleccionadas para a Exposición se elegirá un número indeterminado en función da súa calidade e interese para seren publicadas no **Catálogo da II Exposición de Fotografía**.  
**Prioridade 1. Pobreza y Exclusión Social.**



## ANEXO I


<b>II CONCURSO FOTOGRÁFICO " A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA "</b>
<b>DATOS DO PARTICIPANTE</b>
APELIDOS e NOME: PSEUDÓNIMO: ENDEREZO POSTAL: TELÉFONO: COLECTIVO: (participante/fotógrafo afeccionado)
<b>FOTOGRAFÍA 1</b>
TÍTULO  DESCRICIÓN (non máis de 100 palabras)
<b>FOTOGRAFÍA 2</b>
TÍTULO  DESCRICIÓN
<b>SINATURA DO PARTICIPANTE</b>